

Comunicado nº 146/20

9 de Outubro de 2020

❑ O GOBERNO ESPAÑOL MUTILA Ó TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DO DEPORTE (TAD).

O Goberno Español fai o anteproxecto da nova Lei Antidopaxe, sen esperar a aprobar a futura Lei do Deporte, co que de paso acomete a **práctica desaparición do Tribunal Administrativo do Deporte (TAD)**.

No anterior mandato de Dona María José Rienda xa se tiña previsto a despolitización deste Tribunal no que se reducía considerablemente a súa esfera de actuación. Pois ben, tras coñecer o texto do anteproxecto da nova Lei Antidopaxe aprobada polo Goberno, e que agora deberá iniciala súa andadura administrativa antes de ser enviada ó Congreso dos Deputados. O Goberno continúa pola senda de desposuír das competencias que ten o TAD, non so en materia de dopaxe, polo que xa non terá competencia como última instancia administrativa en materia de disciplina deportiva. Soamente terá competencia nos expedientes que o Consello Superior de Deportes lle solicite ou incoe. E dicir, segundo o anteproxecto, o TAD xa non terá competencia nin poderá revisar as resolucións dictadas polas Federacións Estatais en materia disciplinaria e só poderá actuar a instancia do Consello Superior de Deportes, e da súa Comisión Directiva, nos supostos específicos a que se refire o Artigo 76 da Lei Estatal do Deporte.

O Goberno da Nación muda e fai nova a redacción do Artigo 84 da Lei do Deporte, que é o que regula as competencias do Tribunal Administrativo do Deporte (TAD).

“O Artigo 84 queda redactado da seguinte maneira”:

“1.- O Tribunal Administrativo do Deporte é un órgano de ámbito estatal, adscrito organicamente ó Consello Superior de Deportes que, actuando con independencia diste, asume as seguintes funcións:

- A) *Tramitar e resolver expedientes disciplinarios a instancia do Consello Superior de Deportes, da súa Comisión Directiva, nos supostos específicos ao que se refire o Artigo 76 da Lei Estatal do Deporte.*
- B) *Velar, de forma inmediata e en última instancia administrativa, polo axuste a dereito dos procesos electorais dos Órganos de Goberno das Federacións Deportivas Estatais.*
- C) *Calquera outras que se lle atribúan na súa normativa reguladora. O Goberno Estatal consuma a cruzada, que xa iniciou fai agora un ano, contra o **Tribunal Administrativo do Deporte (TAD) da competencia disciplinaria** como última instancia dos Comités de Disciplina das Federacións Estatais.*
- D) *Si o texto publicado non é rectificado, son varias as consecuencias, pero a principal é que as Escuderías e Deportistas terán que acudir á Xustiza Ordinaria para impugnar as sancións que lle sexan impostas polos Comités de Disciplina das Federacións Estatais. As Federacións maioritariamente actúan con discrecionalidade e arbitrariedade, polo que aínda que sexa mais custoso, gañarase en obxectividade e imparcialidade.”*